



Acordo do COMITÉ DE DIRECCIÓN da EIDUDC do 10 de xuño de 2014 sobre o modo de actuación naqueles casos en que a Comisión Académica do Programa de Doutoramento non aprobe o plan de investigación do alumnado no prazo establecido no Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC.

O artigo 30 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC (REDUDC) indica que "antes de seis meses, que comezarán a contar desde a data da matrícula, o/a doutorando/a elaborará un plan de investigación que... deberá ser aprobado pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD)".

Para aqueles casos en que a CAPD non aprobe o plan de investigación no prazo establecido no REDUDC, o COMITÉ DE DIRECCIÓN da EIDUDC, a proposta da Comisión Permanente da EIDUDC (Acordo do 26 de maio de 2014), aproba o seguinte acordo:

De non ser aprobado o plan de investigación no prazo establecido no REDUDC, a CAPD deberá comunicar por escrito esta decisión, que será debidamente motivada, ao/á estudante de doutoramento e aos/ás seus/súas directores/as e titor/a de tese, de xeito que, no prazo dun mes adicional, podan facer as correccións oportunas para obter dita aprobación.

No caso de non aprobarse o plan de investigación tras este prazo adicional, poderase someter á avaliación anual sempre que o plan sexa previamente aprobado (esta aprobación e a posterior avaliación anual poderá ter lugar na mesma sesión).

De obter unha avaliación negativa, que será debidamente motivada, será de novo avaliado no prazo de seis meses, para o cal deberá elaborar un novo plan de investigación.

No suposto de producirse unha nova avaliación negativa, causará baixa definitiva no programa.